

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001683	IES Martaguisela	O Barco de Valdeorras	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Economía	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	24

## 1. Introducción

A nosa realidade é incerta, pero ofrece multitude de posibilidades, vivimos nunha etapa de profundas transformacións aceleradas pola incorporación das novas tecnoloxías a diferentes esferas da vida. Na nosa sociedade gozamos dun progreso económico único que, con todo, xera niveis de pobreza non desexables, un exceso de contaminación, un incremento da desigualdade e un envellecemento da poboación nos países desenvolvidos. A globalización actual non se pode entender sen a dixitalización, que está a cambiar non só a estrutura produtiva global e a estrutura económica e financeira, senón tamén a propia sociedade no seu conxunto.

O noso planeta está interconectado de múltiples maneiras, no ámbito económico, cultural, ambiental e social, entre outros. Somos responsables do impacto das nosas decisións, tanto individuais como colectivas, no mundo. É necesario coñecer e tomar conciencia de como nosas formas de vida afectan o clima, aos recursos dispoñibles, á biodiversidade e á propia sociedade. Esta reflexión está presente en todos os países do mundo e deu como froito o compromiso que supoñen os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) para afrontar conxuntamente os principais desafíos do futuro. A educación é un instrumento fundamental para facer posible ese compromiso e, neste sentido, a formación económica axuda a comprender desde a súa perspectiva cales son eses desafíos e como afrontalos.

Entender a realidade desde un punto de vista económico axuda a desenvolver mellor o noso comportamento individual e colectivo tras unha reflexión racional e ética que nos permita tomar decisións financeiras e económicas na nosa vida cotiá e valorar o seu impacto. Canto mellor comprendemos o mundo no que vivimos, máis capaces somos de tomar decisións que nos permitan mellorar a nosa vida, a sociedade e a contorna en que vivimos.

Coa materia de Economía trátase de aproximar ao alumnado ao coñecemento da economía de maneira introdutoria, para entender a sociedade na que vive, espertar o seu interese e promover iniciativas dirixidas a actuar sobre a propia realidade, tras unha análise crítica desta, e tomar de maneira razoada e responsable as súas propias decisións, con repercusión económica e financeira tanto no ámbito individual como colectivo, para que sirva de base non só a aqueles alumnos e alumnas que decidan estudar posteriormente esta disciplina, senón tamén aos que orienten o seu itinerario académico noutra dirección e desexen adquirir unha cultura económica xeral necesaria para participar dunha forma activa no desenvolvemento dos retos da economía actual.

O currículo de Economía toma como referentes os descriutores operativos que concretan o desenvolvemento competencial do alumnado ao termo do bacharelato. Ademais, desenvolveuse @teniendo en cuenta os obxectivos fixados para esta etapa, contribuíndo a afianzar no alumnado «o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza en si mesmo e sentido crítico».

A materia de Economía parte da adquisición de todas as competencias clave por parte do alumnado nas etapas de educación primaria e educación secundaria obrigatoria, pero de forma particular da competencia emprendedora, da competencia cidadá e da competencia persoal, social e de aprender a aprender. Estas complementáanse achegando, por unha banda, elementos que permiten comprender a economía, as oportunidades sociais e económicas, así como as dificultades ás que se enfrenta unha organización ou a propia sociedade con outros relacionados coa reflexión crítica e construtiva e a proposta de solucións a problemas e retos contemporáneos.

O currículo desta materia, que aborda aprendizaxes significativas, funcionais e de interese para o alumnado, está organizado ao redor da adquisición duns obxectivos que desenvolven diversos aspectos. En primeiro lugar, tratan de explicar como a escaseza condiciona os comportamentos desde a perspectiva económica, tanto no plano persoal como social. En segundo lugar, propoñen analizar a realidade utilizando ferramentas que brinda a propia ciencia económica. Ditas ferramentas permitirán estudar, por unha banda, o comportamento dos diversos axentes económicos, con visión microeconómica e, por outra, o funcionamento económico agregado, desde unha perspectiva macroeconómica. E, en terceiro lugar, inclúe tanto a explicación de ferramentas de intervención económica, as políticas económicas, como a exposición de retos da economía actual para os que hai que buscar novas solucións. A ciencia económica, como ciencia social, ten unha proxección cara á acción que permite desenvolver propostas de intervención na economía e contribuír a unha mellora do benestar da sociedade.

Os criterios de avaliación establecidos van dirixidos a comprobar o grao de adquisición dos obxectivos da materia, isto é, o nivel de desempeño cognitivo, instrumental e actitudinal que poida ser aplicado en situacións ou actividades dos ámbitos persoal, social e educativo cunha futura proxección profesional.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques e é obxectivo desta materia que o alumnado tome un primeiro contacto cos saberes de economía, que os comprenda e relacióneos e que adquira unha visión global e integradora.

O primeiro deses bloques relaciónase coas decisións económicas a partir da análise da realidade. O segundo e o terceiro vincúlase ao coñecemento e ao uso de ferramentas que permitan que o alumnado entenda a realidade económica desde unha perspectiva tanto micro como macroeconómica. O cuarto lígase ás políticas económicas, aos aspectos principais da súa terminoloxía e á repercusión que teñen na contorna económica nun marco globalizado, así

como aos problemas e aos instrumentos cos que contan os gobernos para dar respostas aos devanditos problemas. O quinto e último bloque céntrase na contorna económica máis inmediato para identificar as fortalezas e as debilidades da economía española.

Finalmente, expónse o enfoque desta materia desde unha perspectiva teórico-práctica, tendo presente a súa interconexión con outras disciplinas, que permitirá ao alumnado desenvolver un pensamento crítico e tomar decisións fundamentadas, propoñendo iniciativas que poidan dar solucións aos novos retos que expón a sociedade actual.

#### CONTEXTUALIZACIÓN

Centro e contorno: I.E.S. de titularidade pública, situado nunha vila que recibe tamén alumnos e alumnas das aldeas do contorno. En bacharelato conta coas modalidades de CT, HCS e Artes. Posúe recursos materiais suficientes aínda que non abundantes (unha aula de ordenadores).

Alumnado: As características psicolóxicas e evolutivas do alumnado son propias de idades comprendidas entre os 17 e os 18 anos de idade.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o problema da escaseza e a importancia de adoptar decisións no ámbito económico, analizando a súa repercusión nos distintos sectores e comparando solucións alternativas que ofrecen os diferentes sistemas para comprender o funcionamento da realidade económica.	2		2		40-50		1-2	
OBX2 - Recoñecer e comprender o funcionamento do mercado, analizando os seus fallos, para estudar a repercusión destes na contorna e facilitar a toma de decisións no ámbito económico.	2-3		2		40	3	1-2	
OBX3 - Distinguir e valorar o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda recoñecendo, con sentido crítico, os beneficios e os custos que xera, para determinar como se produce o desenvolvemento económico e a súa relación co benestar da sociedade.	2-3				40-50	3-4	1-2	
OBX4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento para planificar e xestionar con responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	2-3			4	12-40-50		1-2	
OBX5 - Identificar e valorar os retos e os desafíos aos que se enfrenta a economía actual, analizando o impacto da globalización económica, a nova economía e a revolución dixital para propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade.	2-3		4	5	12-40-50		1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Analizar os problemas económicos actuais mediante o estudo de casos, a investigación e a experimentación, utilizando ferramentas da análise económica e tendo en conta os factores que condicionan as decisións dos axentes económicos, para facilitar a comprensión deses problemas e expor solucións innovadoras e sostibles que respondan a necesidades individuais e colectivas.	3		2		50	3-4	1-2-3	

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Principios básicos de economía	Introduciremos os conceptos e principios básicos da economía, esenciais para comprender o mundo no que vivimos e formarnos unha opinión crítica como cidadáns responsables, que permita un adecuado proceso de toma de decisións. Examinaremos o modo no que unha economía pode crecer a través dun dos primeiros modelos económicos: a fronteira de posibilidades de produción, que estuda o problema da escaseza.	10	13	X		
2	Planificación e saúde financeira	Aprenderemos a elaborar presupostos familiares para planificar os nosos ingresos e gastos. Analizaremos as opcións que ofrecen os mercados financeiros para investir os aforros e as diferentes opcións de financiamento. Valoraremos o risco das inversións e a carga das débedas. Analizaremos as diferentes opcións de seguros para protexernos dos riscos.	10	13	X		
3	Sistemas económicos e cómo organizar unha sociedade	Analizaremos os diferentes modos en que pode organizarse unha sociedade para satisfacer as necesidades das persoas da mellor maneira posible: os sistemas económicos. Veremos as principais vantaxes e inconvenientes de cada un deles e as súas implicacións na vida das persoas. Profundizaremos nos fallos do mercado e analizaremos as posibles solucións existentes, pasando todas elas pola intervención do Estado na economía.	10	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	O mercado. Oferta e demanda	<p>Presentaremos o mercado e desgranaremos os seus elementos principais: a demanda e a oferta. Analizaremos os factores dos que dependen ambas, diferenciando os diferentes tipos de efectos que poden darse sobre as mesmas a raíz dos cambios nas variables consideradas. Asimismo, traballaremos cun concepto fundamental na economía, a elasticidade.</p> <p>Por último, tras analizar as funcións de demanda e oferta por separado, estudiaremos cómo se equilibra un mercado, comprendendo os posibles desequilibrios que poden darse nel.</p>	10	16		X	
5	Tipos de mercados	<p>Analizaremos as características dos diferentes tipos de mercados tendo en conta o impacto que xeneran na calidade de vida das persoas. Veremos que existen dous grandes tipos de estruturas de mercado: a competencia perfecta e a imperfecta.</p> <p>Concretaremos as características dos mercados de competencia perfecta e analizaremos qué é un monopolio, un oligopolio e a competencia monopolística, prestando especial atención ao nivel de benestar xerado por cada un deles.</p>	5	8		X	
6	O mercado de traballo e a igualdade de oportnidades	<p>O mercado de traballo é un mercado de enorme importancia. Describiremos os conceptos principais relacionados co mercado de traballo para, posteriormente, centrarnos nos aspectos fundamentais do mesmo, tales como a oferta e a demanda de emprego, as características especiais do mercado de traballo, a análise do desemprego, a igualdade de oportnidades e as tendencias de emprego.</p> <p>Estudiaremos queé son as políticas de emprego e a súa utilidade. Examinaremos os diferentes tipos de políticas existentes.</p>	5	8		X	
7	A macroeconomía	<p>Presentaremos as variables macroeconómicas máis importantes, centrándonos na análise e medición do PIB. Valoraremos as limitacións do PIB como medidor da calidade de vida e presentaremos outros indicadores alternativos ao PIB.</p> <p>Para comprender o funcionamento da economía a nivel global analizaremos a demanda e a oferta agregadas e interpretaremos datos e indicadores económicos e a súa evolución.</p>	10	16		X	
8	A política fiscal e a distribución da renda	<p>Analizaremos a política fiscal e cómo axuda a que o Estado poña en práctica as súas</p>	10	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A política fiscal e a distribución da renda	<p>funcións.</p> <p>Describiremos a ferramenta dos presupostos xerais do Estado, estudando os principais ingresos e gastos públicos. Analizaremos as posibles situacións que poden darse no saldo presupuestario. Examinaremos, a relación entre déficit e débeda pública, considerando as consecuencias que xeran na economía e no benestar das persoas.</p>	10	10			X
9	As decisións financeiras, o sistema financeiro e a política monetaria	<p>Examinaremos o funcionamento do sistema financeiro, tomando como partida o concepto do diñeiro. Veremos as súas funcións e a súa evolución histórica. Analizaremos, así mesmo, a importancia dos intermediarios financeiros para o desenvolvemento económico dunha sociedade, comprendendo o proceso de creación do diñeiro bancario que levan a cabo.</p> <p>A continuación, analizaremos o nivel de prezos dunha economía, comprendendo que é a inflación, as súas causas e consecuencias. Traballaremos coa medición da inflación e presentaremos a política monetaria como a principal ferramenta de política económica para loitar contra a inflación.</p>	10	14			X
10	Comercio internacional, cooperación e a Unión Europea	<p>Presentaremos a globalización e analizaremos as súas oportuñidades e riscos. Estudiaremos o comercio internacional, as súas vantaxes e as resistencias que persisten hoxe en día. Veremos a importancia e as vantaxes que xeran os procesos de integración económica a nivel internacional, así como o estudo do documento no que se rexistran as operacións entre países: a balanza de pagamentos. Posteriormente, analizaremos o mercado de divisas.</p> <p>Por último, centrarémonos na UE, analizando o proceso de integración económica que xerou un mercado común en Europa e a unión económica e monetaria.</p>	10	12			X
11	Os retos do século XXI	<p>Presentaremos o impacto medioambiental xerado polo crecemento económico, plantexando a necesidade dun crecemento sostible. Analizaremos os ODS e proporemos posibles solucións. Definiremos os distintos niveis de pobreza, analizando as súas causas e plantexando posibles solucións.</p> <p>Analizaremos fenómenos relacionados coa nova economía e a revolución dixital que</p>	10	16	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	Os retos do século XXI	esixen a adaptación da poboación activa ante estes novos retos. Finalizaremos analizando o futuro do estado de benestar e a sustentabilidade das pensións.	10	16	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Principios básicos de economía	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Comprende o problema da escaseza	PE	80
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Coñece os problemas na toma de decisións económicas		
CA1.7 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, co aforro, cos produtos financeiros e coa procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Coñece o funcionamento do sistema financeiro para tomar decisións fundamentadas.		
CA1.8 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Planifica e xestiona con responsabilidade as finanzas persoais.		
CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Comprende a realidade económica e establece comparacións sobre as solucións dos distintos sistemas	TI	20
CA1.9 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Aplica os coñecementos financeiros as súas decisións persoais.		



Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A economía, as necesidades, os bens e a escaseza. O contido económico das relacións sociais. Pobreza e escaseza. A modelización como ferramenta para entender as interaccións económicas.</li> <li>- O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza.</li> <li>- Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética. Experimentos ou ensaios económicos.</li> <li>- Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Planificación e saúde financeira	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Coñece e valora o papel dos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	PE	80
CA1.6 - Comprender a organización dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Comprende a organización dos axentes económicos e determina a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Investiga a realidade económica e expón solucións socioeconómicas.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros.</li> <li>- Teoría de xogos. O dilema do prisioneiro. Xogos repetidos e equilibrios cooperativos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Sistemas económicos e cómo organizar unha sociedade	14

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos.	Analiza con espírito crítico os fallos do mercado e reflexiona sobre posibles solucións	PE	80
CA1.10 - Expór solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Explora a realidade económica e expón solucións socioeconómicas.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	O mercado. Oferta e demanda	16

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Entende o funcionamento do mercado, a oferta, a demanda e os prezos e os axentes implicados	PE	80
CA2.3 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións.	Analiza de forma crítica os fallos do mercado e propón solucións		
CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento.	Valora os fallos do mercado	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Tipos de mercados	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Entende as características dos distintos tipos de mercados e reflexiona sobre a súa importancia.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica.
- A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.

UD	Título da UD	Duración
6	O mercado de traballo e a igualdade de oportunidades	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Entender o funcionamento do mercado laboral e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Entende o funcionamento do mercado laboral	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Economía laboral. O funcionamento e as tendencias dos mercados de traballo e o impacto dos custos de despedimento. Tipos de desemprego. Efectos e medidas correctoras. A brecha salarial.

UD	Título da UD	Duración
7	A macroeconomía	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Coñece como se produce o desenvolvemento económico e valora o papel distintos axentes económicos no fluxo circular da renda. Comprende como se calcula o PIB tendo en conta o papel dos distintos axentes económicos dende o punto devista do gasto, da renda e da produción.	PE	50
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Analiza o problema da escaseza e compara estratexias de resolución deste problema	TI	50
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Diferencia os custos e beneficios xerados no fluxo circular da renda		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.</li> <li>- Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	A política fiscal e a distribución da renda	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Comprende a realidade económica actual e analiza as repercusións pola intervención do Estado en materia de política económica	PE	90
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Comprende o problema da escaseza para garantir o estado de benestar e analiza alternativas de financiamento		
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expón solucións socioeconómicas sobre necesidades individuais e colectivas aplicando ferramentas da economía		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	Analiza custos e beneficios no fluxo circular da renda e determina a súa repercusión no estado do benestar	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.</li> <li>- A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	As decisións financeiras, o sistema financeiro e a política monetaria	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Coñece o funcionamento do sistema financeiro na era dixital.	PE	80
CA3.6 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Planifica e xestiona as finanzas persoais.		
CA4.4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Coñece e comprende o sistema financeiro, a política monetaria, analiza os tipos de xuro, os produtos financeiros, a inflación e as fontes de financiamento.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.7 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Adquire coñecementos financeiros e establece conexións coas decisións financeiras da súa vida cotiá.	TI	20
CA4.5 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Adquire coñecementos financeiros e establece conexións coas súas decisións financeiras persoais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación.</li> <li>- Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.</li> <li>- A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	Comercio internacional, cooperación e a Unión Europea	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Identifica os retos dunha economía global e analiza con sentido crítico a globalización e a nova economía	PE	80
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Comprende os retos en materia de comercio internacional e de integración económica		
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Expón solucións socioeconómicas no marco das relacións nacionais e internacionais explorando a realidade económica.	TI	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Analiza as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica e da globalización		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria.</li> <li>- A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	Os retos do século XXI	16

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Comprende a realidade económica actual e analiza oportunidades e riscos da globalización na redución das desigualdades	TI	100
CA5.2 - Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Analiza a pobreza e comprende os fluxos migratorios identificando motivos e estratexias de resolución.		
CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	Analiza o impacto das decisións económicas nos retos económicos actuais.		
CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sostible e aos retos económicos actuais. Estudo de casos.	Analiza con sentido crítico o desenvolvemento económico con relación ao desenvolvemento sostible e aos retos económicos actuais.		
CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social.	Diferencia os custos e beneficios no fluxo circular da renda e determina a súa repercusión no benestar social.		
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Propón iniciativas de xustiza, equidade social e sostibilidade a partir da identificación dos retos da economía actual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Comprende os retos económicos actuais e os analiza de forma crítica e construtiva.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expón solucións socioeconómicas aos retos actuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital.</li> <li>- O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas.</li> <li>- Teorías sobre o decrecemento económico.</li> <li>- Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As estratexias metodolóxicas, expositivas e de indagación, deben estar en función do tipo de contido que se traballe. Algúns contidos poden ser aprendidos mediante a utilización de estratexias de indagación. Outros contidos máis abstractos e teóricos requiren estratexias expositivas.

En todo caso, o desexable é un uso combinado de estratexias, que a exposición se apoie en actividades de indagación e as actividades de indagación se acompañen de exposicións con informacións atractivas.

As estratexias metodolóxicas, expositivas e de indagación, deben estar en función do tipo de contido que se traballe. Algúns contidos poden ser aprendidos mediante a utilización de estratexias de indagación. Outros contidos máis abstractos e teóricos requiren estratexias expositivas.

En todo caso, o desexable é un uso combinado de estratexias, que a exposición se apoie en actividades de indagación e as actividades de indagación se acompañen de exposicións con informacións atractivas.

##### A) ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

###### A.1) ESTRATEXIAS EXPOSITIVAS:

-Iniciar a aprendizaxe das unidades didácticas dun xeito global e motivador, para que o alumnado teña unha visión xeral podendo enlazar unhas unidades con outras e xustificando a importancia dos contidos.

-As exposicións apoiaranse en exemplos prácticos e en actividades que fomenten a participación e a reflexión dos alumnos e alumnas.

-A metodoloxía utilizada evitará a disociación entre a teoría económica e a economía real; presentando a economía como algo próximo; partindo de temas que susciten interese para o alumno debido á súa actualidade e sona; resolvendo supostos sinxelos e próximos a este.

-Periodicamente realizaranse recapitulacións dos contidos xa tratados.

-Nalgúns casos utilizaranse recursos que apoiem a exposición docente, usando na medida do posible as tecnoloxías da información e a comunicación e utilizando medios audiovisuais ou informáticos.

###### A.2.) ESTRATEXIAS DE INDAGACIÓN:

Técnicas concretas de indagación que se utilizarán: estudo de casos, pescudas sinxelas, selección, análise e debate sobre noticias vencelladas coas unidades didácticas usando as TIC, xogos de simulación a través de Internet,



resolución de problemas simulados ou reais. Fomentárase o traballo cooperativo, o pensamento crítico e a autonomía do alumnado.

Os traballos prácticos estarán deseñados para favorecer a capacidade de aprender por si mesmos e promoverán o traballo en equipo. O profesor/a servirá de guía desde tarefas sinxelas ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e a satisfacción do alumnado.

#### B) ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE

No desenvolvemento das unidades didácticas realizaranse as seguintes actividades:

- De iniciación que supoñan motivación sobre o tema a tratar e permitan coñecer as ideas previas.
- De desenvolvemento enfocadas a acadar os obxectivos e pequenos traballos de investigación para que o alumnado procure información en distintos medios.
- De conclusión e aplicación que supoñan revisar, recapitular e avaliar, elaboración dun esquema ou resumo da unidade, entrega por parte do profesor dos conceptos básicos do tema, que o alumnado deberá definir co obxectivo de ir elaborando un dicionario económico e análise e debate dunha noticia relacionada coa unidade e actividades de reforzo e ampliación.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais impresos
Recursos audiovisuais
Recursos informáticos
Recursos de centro
Recursos externos ao centro
Recursos baseados nas TIC

#### A) MATERIAIS IMPRESOS

Bibliografía básica:

- Apuntamentos da profesora.

Bibliografía complementaria:

- Libros de lectura recomendados ao alumnado. Material complementario:
- Xornais e revistas de contido económico.
- Documentos de traballo tirados do mundo da empresa
- Dicionario de economía e finanzas.

#### B) RECURSOS AUDIOVISUAIS:

- Canón de imaxes ou vídeo proxeccionador.

#### C) RECURSOS INFORMÁTICOS:

- Ordenadores con acceso a Internet para a procura de información.

#### D) RECURSOS DO CENTRO:

- Encerado dixital e tradicional.
- Biblioteca, aula de informática, a observación do propio centro.

#### E) RECURSOS EXTERNOS AO CENTRO:

- Contorno, empresas, organismos públicos e privados.

#### F) RECURSOS BASEADOS NAS TIC

- Documentos en pdf
- Vídeos explicativos
- Aula virtual do centro
- Videoconferencia Webex

- Correo electrónico

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Avaliación inicial: Realízase ao comezo de curso e de cada unidade didáctica e achega información sobre os coñecementos previos dos alumnos, as súas capacidades e o seu ritmo de aprendizaxe, e a partir deles comezar a explicación do bloque.

Instrumentos: cuestionarios, debates, preguntas realizadas na aula ou análise dunha noticia.

Na proba de avaliación inicial e ao longo do proceso de ensino maniféstase a diversidade en distintos eidos:

-Diversidade de aptitudes. Os alumnos e alumnas son diversos na súa capacidade para aprender, daquela teremos que manexar diversas metodoloxías.

-Diversidade de motivacións.

-Diversidade de intereses. Sobre todo no que respecta ao seu futuro académico e profesional.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	80	100	100	50	90	80	80
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	20	0	0	50	10	20	20

Unidade didáctica	UD 11	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	<b>72</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	<b>28</b>

### Criterios de cualificación:

A cualificación de cada procedemento realizarase tendo en conta o seguinte:

1. As probas escritas puntuaranse sobre 10 puntos, considerándose superada cando obteñan 5 puntos. Valorarase, ademais da corrección dos contidos, a presentación, redacción, ortografía, claridade nas respostas e o emprego con propiedade do vocabulario propio da materia. No suposto práctico valorarase a formulación correcta, claridade, corrección dos cálculos aritméticos, interpretación dos resultados e a súa expresión nas unidades correspondentes.

As probas escritas terán un peso primordial na nota, do 85%, por tratarse dunha materia de Bacharelato. Haberá dous tipos de probas: de desenvolvemento e tipo test. Os test terán un peso do 30% sobre o total das probas. Cando haxa dúas probas por avaliación, calcularase a media aritmética e asignaráselle o coeficiente do 85%. Cando na avaliación haxa dúas probas, o/a alumno/a que non saque unha nota mínima dun 3 na primeira proba irá á segunda con toda a materia da avaliación. A nota mínima esixida na segunda proba para o cálculo da media será un tres. Na segunda proba incluíranse preguntas sobre os contidos da primeira parte para aqueles alumnos que non acadaron a

nota mínima, neste último caso a proba contabilizará como si se realizase unha soa proba escrita no trimestre. No caso de que un alumno/a de forma non xustificada non se presente a unha proba será cualificado con cero puntos, no entanto se a causa é xustificada faráselle a proba outro día, o día que se incorpore á aula. Aquel alumnado que sexa sorprendido copiando nunha proba, será cualificado con cero puntos na devandita proba.

2. Os traballos ou proxectos. Na valoración dos traballos ou proxectos porase atención nos contidos, a forma, a defensa do mesmo e a implicación e cooperación cando o traballo é en grupo. No caso da selección e síntese de noticias valorarase a selección de ideas, orixinalidade e concreción; e no caso do comentario de texto valorarase argumentar con contidos e vocabulario propio da materia. Os traballos deben presentarse no prazo fixado, pola contra entenderase que un alumno/a que non presentase o traballo de xeito non xustifico será cualificado con un punto menos no traballo, porén se hai unha causa xustificada indícaráselle que entregue o día que se incorpore á aula. Os traballos obrigatorios terán un peso do 15%.

3. Realización das actividades, actitude, motivación e interese. Será un procedemento corrector, xa que se considera que a asistencia a clase, a realización das actividades obrigatorias encargadas e a correcta actitude forman parte das obrigas básicas do alumnado. Ademais, a motivación, o esforzo e o interese serán valorados positivamente. A importancia deste procedemento no groso da avaliación será o seguinte:

- Por cada vez que o/a alumno/a non realice as tarefas obrigatorias encargadas (actividades, ...) : -0,25 (ata un máximo de -0,75)
- Por faltas de respecto cara ao desenvolvemento da clase, compañeiros ou profesorado, así como condutas homófobas, xenófobas, racistas ou machistas: -0,50.
- O alumnado está motivado, mostra interese, esforzase, contesta a preguntas abertas formuladas polo profesor ou por outros compañeiros, fai preguntas significativas, discute e participa no traballo en grupo e nos debates: +0,50.
- O alumnado fai entrega das tarefas voluntarias : +0,25 por cada tarefa entregada, ata un máximo de +0,75.
- O alumnado participa activamente nas actividades complementarias ou extraescolares propostas na materia: +0,50.

Cualificación de cada avaliación e cualificación final:

Cualificación de cada avaliación:

- Media aritmética das notas das probas: 85%.
- Media aritmética dos traballos: 15%
- Procedemento corrector, se procede.

Cualificación final da avaliación ordinaria: Será a media aritmética das notas reais de cada avaliación (sen redondear) que haberá que superar de forma independente. Para aprobar a materia é preciso ter as tres avaliacións aprobadas.

### **Criterios de recuperación:**

1. Recuperación e mellora de cada avaliación e recuperación e mellora final da avaliación ordinaria:

Aqueles alumnos/as que non superen a avaliación ou queiran subir nota, realizarán unha proba ao finalizar a mesma. O alumnado que non superara unha ou máis avaliacións ou quixese subir nota poderá realizar outra proba das mesmas características ao final do curso, de cada unha das partes que non superase. Para os efectos das recuperacións de cada avaliación, da recuperación final ou de ser o caso, de subir nota, consideraranse de xeito conxunto todos os procedementos de avaliación.

No caso do alumnado que se presente a subir nota, se a nota que obtivese fose máis baixa conservará a cualificación máis alta.

2. Recuperación na avaliación extraordinaria:

En caso de non aprobar na avaliación ordinaria de principios de xuño, realizarase unha proba extraordinaria a finais de xuño.

O alumnado que suspenda na avaliación ordinaria recibirá clases de reforzo durante o mes de xuño.

Nesta proba extraordinaria, só se considerará a proba, sen ter en conta outros procedementos de avaliación. Para superar o curso, haberá que obter como mínimo un cinco.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Este curso non hai alumnado coa materia pendente

### 6. Medidas de atención á diversidade

Adoptaranse as seguintes medidas de atención a diversidade:

- Actividades de reforzo e ampliación presentadas de forma progresiva. Dedicaráselles unha sesión ao finalizar a unidade didáctica. Nas devanditas actividades o traballo será autónomo para o alumnado que presente menos dificultades. Será dirixido polo profesor ou por outro compañeiro para os que teñen maiores dificultades.
- Entrega de actividades voluntarias de distintos niveis que se darán ao finalizar a unidade ou ao longo desta.
- Practicar o traballo en equipo (aprendizaxe entre iguais), de forma que atendamos ao equipo en canto a repartición de material, etc. e ao mesmo tempo fagamos un seguimento individualizado de determinados alumnos para analizar como responden no grupo.
- Traballos individuais con distinto grao de dificultade.
- Recursos diversos para que o alumno poida elixir.
- Nas explicacións didácticas ou discurso de aula efectuaranse distintas preguntas co obxectivo de afianzar a autoestima dos alumnos. Preguntas máis complexas para aqueles alumnos con maior nivel e preguntas máis sinxelas para o resto.
- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación
- Desdoblamento de grupos
- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento
- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.)

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - Comunicación audiovisual	X					X		
ET.4 - ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X				X		
ET.6 - ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X		X	X		X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - ET.8 - Igualdade de xénero	X		X			X		
ET.9 - ET.9 - Creatividade	X		X		X		X	
ET.10 - ET.10 - Educación para a saúde	X							
ET.11 - ET.11 - Formación estética		X	X					
ET.12 - ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X	X		X	X			
ET.13 - ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X
ET.2 - ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - ET.3 - Comunicación audiovisual			X
ET.4 - ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	X
ET.6 - ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - ET.7 - Educación emocional e en valores	X		X
ET.8 - ET.8 - Igualdade de xénero			X
ET.9 - ET.9 - Creatividade			X
ET.10 - ET.10 - Educación para a saúde			X
ET.11 - ET.11 - Formación estética			X
ET.12 - ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X		X
ET.13 - ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X

**Observacións:**

- ET.1 - Comprensión de lectura
- ET.2 - Expresión oral e escrita
- ET.3 - Comunicación audiovisual
- ET.4 - Competencia dixital
- ET.5 - Emprendemento social e empresarial
- ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico
- ET.7 - Educación emocional e en valores
- ET.8 - Igualdade de xénero
- ET.9 - Creatividade
- ET.10 - Educación para a saúde
- ET.11 - Formación estética
- ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable
- ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a algunha empresa	Visita a algunha empresa co obxectivo de que o alumnado tome contacto coa realidade empresarial e lle encuentre unha maior aplicación aos contidos teóricos.			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica....
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas.
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.

Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.

### **Descrición:**

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios.

Avaliación do profesor polo alumnado: O profesor necesita información para coñecer como está a realizar o seu traballo e melloralo na medida do posible. Farase entrega dun cuestionario ao alumnado.

Avaliación das unidades didácticas. Ao avaliar a unidade didáctica debemos ter en conta os elementos do seu deseño, a súa coherencia e a súa adecuación á realidade da aula.

#### **AVALIACIÓN DO PROFESOR**

##### **CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DO PROFESOR POR PARTE DO ALUMNADO**

O profesor necesita de información para coñecer como está a realizar o seu traballo e melloralo na medida do posible. Ninguén mellor que o seu alumnado para axudarlle nesta tarefa. Por iso, propoñémosche que contestes con liberdade ás seguintes cuestións na seguridade de que serán tidas en conta polo voso profesor/a:

A explicación didáctica foi comprensible

As actividades realizadas foron axeitadas

Utiliza unha metodoloxía atractiva e clara na presentación

Os contidos foron interesantes

As axudas e apoios recibidos foron oportunos e suficientes

Mostra esmero e interese nas súas intervencións

Presta axuda ao alumnado máis necesitado sen provocar discriminacións

Relaciónase ben cos grupos e alumnos

Engade o que consideres de interese...

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación

#### **CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

1. Impartíronse todos os contidos programados para este mes?

En caso negativo, que contidos deixaron de impartirse e cáles son os motivos?

2. Vaise efectuar algún axuste na temporización de contidos programada? En caso afirmativo, especifica o axuste.

3. Vaise efectuar algún cambio metodolóxico respecto ao programado? En caso afirmativo, especifica.

4. Alcanzáronse os obxectivos marcados na programación didáctica? En caso negativo, especifica os motivos.

5. Realizouse ou vaise realizar algún cambio nos criterios e procedementos de avaliación?  
En caso afirmativo, especifica.

6. Atención á diversidade (medidas adoptadas).

7. ¿Alcanzáronse as competencias imprescindibles?  
En caso negativo, especifica e explica os motivos.

8. Propostas de mellora

## **9. Outros apartados**